

Covas entregouse esta fin de semana ós actos centrais das súas festas de verán

REDACCIÓN > FERROL 27/07/09

A parroquia ferrolá de Covas entregouse esta fin de semana á festa. Feira medieval, cabalos e boa gastronomía foron estes días os ingredientes fundamentais do programa. Durante a xornada do sábado tivo lugar o concurso hípico Galeoch'09 na estrada de Covas, no que participaron 300 cabalos, e tanto nesa xornada como na de onte, o adro do local social retrocedeu á época medieval. Postos de artesanía e comida trataron de revivir aquela época para os visitantes, que tamén poideron degustar sabrosas viandas na ruta dos pinchos de Covas, que cada fin de semana organizan os hostaleiros da zona.



Os postos medievais estiveron abertos o sábado e o domingo no adro do local social DANIEL ALEXANDRE

Pero as festas continúan. Os días 31 e 1 de agosto estarán adicados ó deporte, cun campionato de fútbol sala, e o 2 haberá unha xuntanza intercultural e unha festa infantil.